

I. DISPOSICIÓN XERAIS**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

DECRETO 19/2018, do 1 de febreiro, polo que se crea e regula o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

O Instituto de Estudos do Territorio foi creado pola Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como consecuencia do mandato legal do artigo 31 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, á vez que dispuxo a súa adscrición á consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio.

O Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do Instituto de Estudos do Territorio, recolle no seu artigo 9 que o Instituto de Estudos do Territorio ten por obxecto a análise, o estudo e o asesoramento en materia de urbanismo e ordenación do territorio, entendendo comprendida nesta a ordenación, protección e xestión da paisaxe. Entre as súas funcións, e en consonancia co seu obxecto, figura a da posta en marcha de instrumentos para a protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, tales como os catálogos e as directrices de paisaxe, os estudos de impacto e a integración paisaxística, os plans de acción da paisaxe en áreas protexidas, incluída a elaboración dos informes deles derivados, así como calquera outro que se entenda como necesario para o cumprimento dos puntos anteriores, mentres –indica– non se constituía o Observatorio Galego da Paisaxe.

A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, na súa disposición derogatoria única, derroga –entre outros– o artigo 13 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, relativo ao indicado Observatorio Galego da Paisaxe. En consecuencia, a disposición derradeira primeira da devandita Lei 2/2016, do 10 de febreiro, modifica o número 4 do artigo 9 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, para atribuír a outrora función do Observatorio Galego da Paisaxe de elaboración dos catálogos da paisaxe ao Instituto de Estudos do Territorio. En liña co indicado, a disposición derradeira segunda da Lei 2/2016 modifica o artigo 10 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, coa finalidade de engadir ás funcións iniciais do Instituto de Estudos do Territorio as restantes que tiña atribuídas o Observatorio Galego da Paisaxe.

O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, indica que os poderes públicos integrarán a consideración de paisaxe nas políticas de ordenamento



territorial e urbanístico, nas súas políticas ambientais, do patrimonio cultural, agrícolas, forestais, sociais, turísticas, industriais e económicas, así como en calquera outra política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe.

Por outra banda, a Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 47, relativo á cooperación en materia de paisaxe, modifica o artigo 7 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establecendo que a Xunta de Galicia impulsará a cooperación con todas as administracións públicas con competencia no territorio, especialmente coas administracións locais, co fin de promover o desenvolvemento de políticas comúns, debidamente coordinadas e programadas, que aseguren o cumprimento dos fins que se conteñen na presente lei.

Así, o incremento de funcións do Instituto de Estudos do Territorio en materia de paisaxe, en especial, a de colaboración e coordinación nesta materia con outras administracións e sectores da sociedade; a recente aprobación do catálogo das paisaxes; a avaliación do estado de conservación das paisaxes de Galicia e a análise da súa previsible evolución e realización de propostas en materia de paisaxe, unido aos mandatos legais para a Xunta de Galicia, antes indicados, de integrar a consideración da paisaxe nas distintas políticas sectoriais, así como da necesidade de impulsar a cooperación interadministrativa en materia de paisaxe, fan necesaria a creación dun órgano colexiado no cal se poidan integrar as administracións públicas implicadas e que conte, así mesmo, co asesoramento dos expertos nos diferentes eidos do estudo da paisaxe e coa representación daqueles sectores da sociedade que reflectan a percepción da paisaxe existente na poboación, propiciando, deste xeito, unha adecuada coordinación da política en materia de paisaxe na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, recoñece o carácter dinámico da paisaxe e a necesidade de que os instrumentos que o xestionan se adapten a este carácter. Por este motivo establece un procedemento para actualizar algunhas partes do catálogo de forma máis sinxela e flexible. É nesta actualización onde destaca o papel do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia para achegar o coñecemento experto e o coñecemento local, que na elaboración do catálogo se obtiveron a partir do panel de expertos e da participación pública respectivamente, dunha forma máis rápida e eficiente, sen ter que repetir o longo proceso que se realizou para a elaboración completa deste.

A disposición derradeira segunda do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, dispón que o Consello Asesor da Paisaxe de



Galicia, órgano colexiado, de carácter técnico e de asesoramento en materia da paisaxe, se regulará de conformidade co establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia colaborará co Instituto de Estudos do Territorio en garantía do cumprimento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia e, de conformidade co Decreto 119/2016, do 28 de xullo, antes de que se aprobe a revisión ou actualización das áreas de especial interese paisaxístico e das unidades de paisaxe identificadas e delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia, deberá ser consultado como trámite preceptivo.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo establece o artigo 27 do Estatuto de autonomía de Galicia nos parágrafos 3 e 30, ten competencia exclusiva, respectivamente, en materia de ordenación do territorio e do litoral, así como de normas adicionais sobre protección do ambiente e da paisaxe nos termos do artigo 149.1.23 da Constitución española. O artigo 37.3 do devandito estatuto recolle que as competencias de execución na Comunidade Autónoma levan implícitas, entre outras, a correspondente potestade regulamentaria.

Tal e como establece o artigo 1 do Decreto 167/2015, do 13 de novembro, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma a que corresponden as competencias e funcións en materia de ambiente, ordenación do territorio e urbanismo, e conservación da natureza, conforme o establecido no Estatuto de autonomía para Galicia nos termos sinalados na Constitución española. O seu artigo 4 dispón que o/a conselleiro/a é a autoridade superior da consellería e, con tal carácter, está investido/a das atribucións enumeradas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Deste xeito, e como temos indicado, o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia é imprescindible para cumprir un papel esencial nos instrumentos previstos na Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, para o seu desenvolvemento e aplicación en canto a asegurar unha idónea protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia, co fin de garantir tanto a participación pública, a fin de expresar as aspiracións da cidadanía en canto á valoración e grao de compromiso da colectividade na protección das nosas paisaxes, como a dos expertos relacionados coa paisaxe, en representación de cada un dos valores recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia: naturais/ecolóxicos, culturais/patrimoniais, estéticos/panorámicos e de uso.



Ademais do exposto, non debemos esquecer que o artigo 4 do Decreto 119/2016, do 28 de xullo, prevé expresamente que o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia será consultado como trámite preceptivo antes da aprobación da revisión ou actualización das áreas de especial interese paisaxístico e das unidades de paisaxe identificadas e delimitadas no Catálogo das paisaxes de Galicia.

Polo exposto, este decreto adécuase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, de conformidade co previsto no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

O decreto consta de catorce artigos, estruturados en tres títulos. O título I, baixo a rúbrica de «Disposicións xerais», está integrado por obxecto, natureza xurídica e réxime xurídico aplicable. O título II, rubricado «Funcións, composición e organización do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia», xunto ás súas funcións, composición, e organización, regula as funcións da presidencia, vicepresidencia, secretaría e vogalías respectivamente. O título III, dedicado ao «Funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia», establece o seu réxime de funcionamento, as convocatorias e sesións, o réxime de acordos e os recursos materiais e humanos deste órgano. Así mesmo, consta dunha disposición adicional única relativa á constitución do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia e dúas disposicións derradeiras, unha primeira dedicada á posibilidade de desenvolvemento normativo e unha segunda relativa á súa entrada en vigor.

Na tramitación do expediente observáronse os trámites previstos nos artigos 41 a 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. En particular, constan os informes preceptivos da consellería competente en materia de facenda e do órgano con competencia en materia de igualdade, así como o cumprimento dos trámites preceptivos previstos na referida Lei 16/2010, do 17 de decembro.

En virtude do exposto, en exercicio das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de febreiro de dous mil dezoito,



DISPOÑO:

TÍTULO I
Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O presente decreto ten por obxecto crear e regular o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

Artigo 2. Natureza xurídica

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, de conformidade co previsto no Decreto 119/2016, do 28 de xullo, polo que se aproba o Catálogo das paisaxes de Galicia, é un órgano colexiado de carácter técnico e de asesoramento en materia da paisaxe con funcións de colaboración e cooperación entre administracións públicas con competencia no territorio para a promoción e desenvolvemento de políticas comúns, coordinadas e programadas, que poidan ter un impacto directo ou indirecto en materia da paisaxe no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia adscríbese á consellería competente en materia de ordenación do territorio a través do organismo competente en materia de paisaxe, que exercerá a súa coordinación.

Artigo 3. Réxime xurídico

A organización e o funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia rexerese polo presente regulamento, tendo en conta, en todo caso, o disposto para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e na subsección I da sección III do capítulo II do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

TÍTULO II
Funcións, composición e organización do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia

Artigo 4. Funcións

Serán funcións propias do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia as seguintes:

a) Prestar o apoio requirido polo organismo competente en materia de paisaxe na programación das políticas comúns en materia de paisaxe en Galicia.



b) Analizar as propostas concretas de actuación e regulación normativa elevadas ao Consello Asesor da Paisaxe de Galicia polo organismo competente en materia de paisaxe para o seu informe facultativo e con carácter non vinculante.

c) Emitir informe previo á aprobación polo Consello da Xunta de calquera modificación do Catálogo das paisaxes de Galicia ou das Directrices de paisaxe de Galicia.

d) Colaborar e cooperar co organismo competente en materia de paisaxe da Xunta de Galicia nas funcións que ten encomendadas nesta materia, a petición deste.

e) Exercer como órgano asesor e consultivo do organismo competente en materia de paisaxe, para analizar, con carácter previo á súa implementación, a adecuación de calquera política sectorial que poida producir un impacto directo ou indirecto sobre a paisaxe de Galicia.

f) Presentar propostas de estudo, de actuacións e de melloras en materia de paisaxe en Galicia para elevar ao organismo competente en materia de paisaxe.

g) Servir de foro para a posta en común das últimas iniciativas sectoriais e de investigación de ámbito estatal, europeo e internacional en materia de paisaxe.

h) Realizar informes, estudos, traballos técnicos ou calquera outra actuación en materia de paisaxe de Galicia que lle requira a presidencia.

Artigo 5. *Composición*

1. O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia estará composto por un máximo de 38 membros, e pódense tamén designar asesores especialistas.

2. Na composición do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia procurarase acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

Artigo 6. *Organización*

1. O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia terá a seguinte organización: presidencia, vicepresidencia, secretaría e vogais.

2. A presidencia do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia corresponde á persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio.



3. A vicepresidencia do Consello será exercida pola persoa titular da dirección do organismo competente en materia de paisaxe da Xunta de Galicia.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade da persoa que exerza a vicepresidencia, será substituída temporalmente pola persoa que designe a presidencia como suplente.

4. A secretaría do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia corresponde a una persoa funcionaria da unidade de xestión xurídico-administrativa, por proposta do organismo competente en materia de paisaxe da Xunta de Galicia ou da que a substitúa na estrutura administrativa.

A persoa que exerza a secretaría non terá a consideración de membro, polo que terá voz pero non voto no Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.

En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, será substituída pola persoa funcionaria que expresamente designe a persoa titular da presidencia como suplente.

5. Serán vogais as persoas designadas pola presidencia que representen cada un dos seguintes órganos, ou organismos que, de ser o caso, substitúan ou desenvolvan as competencias asignadas aos actualmente vixentes, por proposta destes:

a) Unha persoa representante do órgano competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, con rango de director/a xeral ou equivalente.

b) Unha persoa representante do órgano competente en materia de conservación da natureza ou espazos naturais, con rango de director/a xeral ou equivalente.

c) Unha persoa representante do órgano competente en materia de calidade ambiental, con rango de director/a xeral ou equivalente.

d) Unha persoa representante do organismo con competencia en materia de inspección e vixilancia urbanística, con rango de director/a xeral ou equivalente.

e) Unha persoa representante do organismo con competencia en materia de turismo, con rango de director/a xeral ou equivalente.

f) Unha persoa representante do órgano con competencia en enerxía e minas, con rango de director/a xeral ou equivalente.



g) Dúas persoas representantes do organismo con competencia en planificación, protección, xestión e/ou ordenación da paisaxe, con rango de subdirector/a xeral ou equivalente.

h) Unha persoa representante do órgano competente en materia de ordenación forestal, con rango de director/a xeral ou equivalente.

i) Unha persoa representante do órgano competente en materia de desenvolvemento rural, con rango de director/a xeral ou equivalente.

k) Unha persoa representante do órgano competente en materia de conservación, protección e xestión sustentable dos recursos mariños, con rango de director/a xeral ou equivalente.

l) Unha persoa representante do órgano con competencia en materia de patrimonio cultural, con rango de director/a xeral ou equivalente.

m) Unha persoa representante do órgano con competencia en materia de innovación educativa e formación profesional, con rango de director/a xeral ou equivalente.

n) Unha persoa representante do organismo con competencia en materia de infraestruturas, con rango de director/a xeral ou equivalente.

ñ) Unha persoa representante do organismo con competencia en materia de política de vivenda, con rango de director/a xeral ou equivalente.

o) Unha persoa representante do organismo da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de augas, con rango de director/a xeral ou equivalente.

p) Unha persoa representante do órgano con competencia en materia de administración local, con rango de director/a xeral ou equivalente.

q) Unha persoa representante da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), por proposta desta.

r) Unha persoa representante do Consello da Cultura Galega, por proposta deste.

s) Dúas persoas representantes das asociacións que teñan entre os seus fins a protección e mellora da paisaxe, inscritas no rexistro de entidades de carácter ambiental da



consellería competente en materia de ambiente que así o acrediten ante o organismo con competencia en planificación, protección, xestión e/ou ordenación da paisaxe, por proposta conxunta destas.

t) Catro persoas, unha por cada unha das organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Negociación das Administracións Públicas, que serán libremente proposta por estas.

u) Catro persoas representantes das organizacións empresariais intersectoriais galegas máis representativas, que serán libremente propostas por estas.

v) Unha persoa representante por cada unha das universidades galegas, que será libremente proposta por estas.

w) Catro persoas especialistas en paisaxe, unha por cada un dos valores recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia: naturais/ecolóxicos, culturais/patrimoniais, estéticos/panorámicos e de uso, por proposta da presidencia.

Os órganos mencionados deberán designar unha persoa vogal suplente para os casos de vacante, ausencia ou enfermidade do/da vogal titular que, no caso dos vogais que representen a Administración xeral da Comunidade Autónoma deberán ter rango mínimo de xefe/a de servizo ou equivalente.

6. Tamén poderán asistir ás reunións do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, con voz pero sen voto, sen teren a consideración de membros, asesores especialistas que se incorporarán e asistirán ás reunións do Consello por iniciativa e por proposta da presidencia, elixidos entre expertos/as de recoñecido prestixio nas diferentes disciplinas relacionadas coa paisaxe, con coñecementos en ecoloxía da paisaxe, arquitectura da paisaxe, planificación da paisaxe ou paisaxe cultural; ou ben especialistas nos valores paisaxísticos naturais ou ecolóxicos, culturais ou patrimoniais, estéticos e de uso recollidos no Catálogo das paisaxes de Galicia e que resulten necesarios en función da temática e dos aspectos técnicos dos asuntos que se vaian tratar.

Artigo 7. *Presidencia do Consello*

1. Corresponde á persoa que exerza a presidencia do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia:

a) Desempeñar a representación do Consello.



b) Nomear e separar, se é o caso, os/as vogais propostos/as polos diferentes departamentos e entidades.

c) Acordar a convocatoria das reunións e a fixación da orde do día, tendo en conta, de ser o caso, as peticións dos demais membros formuladas con suficiente anticipación.

d) Presidir as reunións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.

e) Dirimir co seu voto os empates para os efectos de adoptar acordos.

f) Asegurar o cumprimento das leis.

g) Visar as actas e certificacións de acordos adoptados polo Consello.

h) Solicitar, en nome do Consello, a colaboración de institucións, autoridades, organismos, entidades, asociacións ou particulares, así como invitar a participar no pleno ou nas comisións sectoriais que, de ser o caso, se poidan crear, expertos de recoñecido prestixio en materia de paisaxe, en asuntos de especial complexidade técnica ou outros que considere.

i) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á presidencia dun órgano Colexiado.

2. Nos casos de vacante, enfermidade ou outra causa legal de ausencia, a persoa titular da presidencia será substituída pola persoa que exerza a vicepresidencia.

Artigo 8. *Vicepresidencia do Consello*

1. Corresponde á persoa que exerza a vicepresidencia a realización das seguintes funcións:

a) Asumir a presidencia do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade da persoa titular desta.

b) Participar nas reunións con voz e voto.

c) Aquelas outras funcións que expresamente lle sexan encomendadas pola presidencia ou polo pleno do Consello.



Artigo 9. *Secretaría do Consello*

Corresponde á persoa titular da secretaría do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia:

- a) Asistir ás reunións, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Consello por orde da presidencia, así como as citacións aos seus membros.
- c) Recibir os actos de comunicación dos membros do Consello, así como as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos de que deba ter coñecemento.
- d) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións e realizar o arquivamento dos documentos do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia.
- e) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á secretaría dun órgano colexiado.

Artigo 10. *Vogais*

Corresponde aos e ás vogais do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia:

- a) Recibir cunha anticipación mínima de corenta e oito horas a convocatoria que conteña a orde do día das reunións.
- b) Participar nos debates das sesións e exercer o dereito a voto, así como expresar o sentido deste e os seus motivos, e formular votos particulares.
- c) Formular rogos e preguntas.
- d) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- e) Outras funcións inherentes á súa condición.



TÍTULO III
Funcionamento do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia

Artigo 11. *Réxime de funcionamento*

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia funcionará en pleno, e poderá crear comisións sectoriais se se estima necesario.

Artigo 12. *Convocatorias e sesións*

1. O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia reunirse en pleno, logo da convocatoria acordada pola persoa titular da presidencia por iniciativa desta ou a petición de, polo menos, a metade dos e das vogais, como mínimo unha vez ao ano ou, con carácter extraordinario, por requirimento da presidencia.

2. A convocatoria das reunións do pleno do Consello será efectuada pola persoa titular da secretaría e recibida polos membros, ao menos, con corenta e oito horas de anticipación.

Salvo que non resulte posible, as convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar nela a orde do día xunto coa documentación necesaria para a súa deliberación cando sexa posible, as condicións en que se vai celebrar a sesión e, se for o caso, os lugares en que estean dispoñibles os medios técnicos necesarios para asistir e participar na reunión.

As comisións sectoriais reuniranse cantas veces sexa necesario para o desenvolvemento das tarefas específicas que lles sexan encomendadas e de conformidade co acordado polo pleno.

3. Para a válida constitución do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia, para efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, requirirase a presenza do/da presidente/a e do/da secretario/a ou, se for o caso, daqueles que os/as substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros, en primeira convocatoria, e en segunda o presidente poderá considerar validamente constituído o órgano, para efectos de celebración de sesións, se estiveren presentes os representantes das administracións públicas e das organizacións representativas de intereses sociais membros do órgano aos cales se lles atribuíu a condición de portavoces. Entre a primeira e a segunda convocatoria deberán transcorrer, ao menos, trinta minutos.



Artigo 13. Réxime de acordos

1. Os acordos do Consello Asesor da Paisaxe de Galicia adoptaranse por maioría simple.

2. A persoa titular da secretaría levantará acta de cada sesión que celebre o órgano colexiado, que especificará necesariamente os asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos adoptados.

Artigo 14. Recursos materiais e humanos

O Instituto de Estudos do Territorio prestará o apoio administrativo, cos recursos materiais e humanos, que o Consello Asesor da Paisaxe de Galicia precise para realizar as funcións atribuídas.

Disposición adicional única. Constitución

O Consello Asesor da Paisaxe de Galicia constituirase no prazo dun mes contado a partir da entrada en vigor deste decreto.

Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa

Facúltase a persoa titular da consellería competente en materia de ordenación do territorio para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto dentro da organización e materias propias do seu departamento.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Este decreto entrará en vigor aos vinte días naturais da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de febreiro de dous mil dezaioito

O presidente

P.S. (Decreto 9/2018)

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

Beatriz Mato Otero

Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

